



CONCELLO DE QUIROGA (Lugo)

ANEXO.

BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE TRABALLO DE ELECTRICISTA, DOUS POSTOS DE PEÓN DE ALBANEL, UN POSTO DE LIMPADOR, UN POSTO DE TÉCNICO EN MEDIO AMBIENTE, UN POSTO DE ANIMADOR SOCIOCULTURAL E UN POSTO DE EMPREGADO ADMINISTRATIVO.

Primeira.- Normas Xerais:

O obxecto das presentes bases é a regulación do procedemento de selección, mediante o sistema de concurso de méritos, para a provisión con carácter temporal dun posto de traballo de electricista, dous postos de peón de albanel, un posto de limpador, un posto de técnico en medio ambiente, un posto de animador sociocultural e un posto de empregado administrativo.

As referidas prazas as funcións que teñen encomendadas son as propias da súa especialidade.

Ao presente concurso seralle de aplicación o previsto na lei 7/2007, de 12 de Abril, pola que se aproba o Estatuto Básico do Empregado Público, o art. 19.2 da Lei 30/1984, de 2 de Agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, Disposición Adicional Segunda do Real Decreto 896/1991, de 7 de Xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos Funcionarios da Administración Local, e supletoriamente, o Real Decreto 364/1995, de 10 de Marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servicio da Administración Xeral do Estado.

Segunda.- Tipo e duración dos contratos.

A modalidade dos contratos que se formalizarán coas persoas seleccionadas será de duración determinada regulada polo art.12 e 15 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

A duración dos contratos será de catro meses.

Terceira.- Condicións de admisión dos aspirantes:

Para formar parte nas probas de selección, será necesario:

- Ter capacidade para ser contratado, conforme ó Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de Marzo.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das correspondentes funcións.
- Ter a nacionalidade Española, ou a nacionalidade estranxeira nos termos previstos no art. 56.1 a), en relación co art. 57 da Lei 7/2007, de 12 de Abril.
- Posuír capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.
- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.



Cod. Validación: 9P-DK-7KT9YTN2GL9YFXKT692AKY | Corrección: <http://concello.quiroga.es/validacion/validacion.asp>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 de 8



CONCELLO DE QUIROGA (Lugo)

- f) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso do persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- g) Estar en situación de desemprego.

Cuarta.- Forma e prazo de presentación de instancias:

As solicitudes para tomar parte nas correspondentes probas de acceso, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza á que se opte, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello; presentaranse no Rexistro de Entrada do Concello, ou ben mediante o procedemento que regula o art. 38.4 da Lei 30/1992, no prazo de dez días naturais

Asemade, as bases da convocatoria publicaranse no taboleiro de Edictos do Concello.

A solicitude deberá ir acompañada por:

- Fotocopia do D.N.I ou, no seu caso, pasaporte.
- Documentos acreditativos da titulación esixida na convocatoria así como dos méritos e circunstancias alegados que deban ser valorados.

Quinta.- Admisión dos aspirantes:

Expirado o prazo de presentación de instancias, a alcaldía dictará resolución no prazo dun mes, declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de Edictos do Concello, concederáse un prazo de dous días hábiles para a presentación de alegacións. Transcorrido o prazo de subsanación, pola Alcaldía aprobaráse a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de Edictos do Concello, facéndose constar o día, hora e lugar no que haberán de realizarse tódalas probas.

Sexta.- Tribunal cualificador:

O Tribunal cualificador estará composto por:

- Presidente: Un Funcionario
- Secretario: O Secretario-Interventor da Corporación.
- Vocais: 3 funcionarios



Código de validación: 9P-DN7K1B7TW2G-197PXT-Z62AKY | Corrección: <http://concellodequiroga.setelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 8



CONCELLO DE QUIROGA (Lugo)

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos arts. 28 e 29 da Lei 30/1992, de 26 de Novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

O Tribunal terá a categoría de terceira, de conformidade co art. 30 do Real Decreto 462/2002, de 24 de Maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do estricto cumprimento das bases da convocatoria, da suxeición aos prazos establecidos para a realización e valoración das probas e para a publicación dos resultados. As dúbidas ou reclamacións que poidan orixinarse coa interpretación da aplicación das bases da presente convocatoria, así como o que deba facerse nos casos previstos, serán resoltas polo Tribunal, por maioría.

Sétima.- Sistema de selección e desenvolvemento dos procesos:

O procedemento de selección dos aspirantes constará das seguintes fases:

-Concurso:

Os aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos os que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal. En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos aspirantes para que acrediten a súa personalidade, debendo os candidatos acudir provistos do D.N.I ou, no seu defecto, pasaporte ou permiso de conducir.

O tribunal procederá a valorar os méritos e servizos dos aspirantes que sexan considerados como aptos.

FASE DE CONCURSO:

POSTO DE ELECTRICISTA.


Funcións do posto: As propias da especialidade, principalmente a reposición e o mantemento do alumeadado público e das instalacións eléctricas nos edificios municipais.
Categoría: Oficial de 1ª. **Grupo de cotización:** 8. **Xornada:** A tempo completo.

MÉRITOS:

- **Tempo en desemprego:** 0,02 por mes ata un máximo de 0,50 puntos
- **Non ser perceptor de subsidios ou prestacións por desemprego:** 0,50 puntos
- **Maior de 45 anos:** 0,50 puntos.
- **Experiencia profesional na ocupación que se demanda:**



Cod. Validación: SPDN7K70Y7N3G15YFX1Z02AKY | Corrección: http://concellodequiroga.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 8



CONCELLO DE QUIROGA (Lugo)

1 punto por ano traballado, tendo en consideración un máximo de 2 anos.

Entrevista persoal: Máximo 2 puntos

POSTO DE ALBANEL: (2)

Funcións do posto: As propias da especialidade e ocupacións afíns nas obras levadas a cabo polo concello e no mantemento e conservación de espazos públicos. Categoría: Peón. Grupo de cotización: 10. Xornada completa

MÉRITOS:

- Ser maior de 45 anos: 0,50 puntos
- Tempo en desemprego: 0,02 por mes ata un máximo de 0,50 puntos
- Experiencia como albanel, peón da construción ou peón de obras públicas: 1 punto por ano traballado, tendo en consideración un máximo de 2 anos.
- Formación: Pola realización de accións de formación e integración no mundo laboral, organizadas ou financiadas por Administracións Públicas, en albanelería ou ocupacións afíns (cursos de formación para desempregados, obradoiros de emprego, escolas obradoiro ou similares): 0,5 puntos por cada acción formativa rematada, máximo 1 punto.
- Cargas familiares: 0,15 puntos por persoa a cargo ata un máximo de 0,50 puntos

Entrevista: Máximo dous puntos

POSTO DE LIMPADOR/A

Funcións do posto: Realizar tarefas de limpeza no centro social do concello e dependencias culturais. Categoría: peón, grupo de cotización 10. Xornada completa.

MÉRITOS:

- Ser muller: 0,50 puntos
- Non ser perceptor de prestacións ou subsidios por desemprego: 0,50 puntos
- Tempo en desemprego: 0,02 por mes ata un máximo de 0,50 puntos.
- Experiencia na ocupación que se demanda: 1 punto por ano traballado, tendo en consideración un máximo de dous anos.

Entrevista: Máximo 2 puntos





CONCELLO DE QUIROGA (Lugo)

POSTO DE TÉCNICO EN MEDIO AMBIENTE

Funcións do posto: Coordinación das actuacións ambientais municipais con outros organismos, entidades e administracións; velar pola observancia do cumprimento de ordenanzas municipais en materia medioambiental; avaliar riscos ambientais; deseño e execución de campañas de sensibilización ambiental e participación cidadá; control de vertidos e emisións. **Categoría:** Técnico. **Grupo de cotización:** 2. **Xornada completa.**

REQUISITOS:

Estar en posesión do título de Enxeñaría técnica industrial ou grao en Enxeñaría industrial.

MÉRITOS:

- Non ser perceptor de prestacións ou subsidios por desemprego: 0,50 puntos
- Tempo en desemprego: 0,02 puntos por mes ata un máximo de 0,50 puntos
- Ser maior de 45 anos: 0,50 puntos
- Experiencia na ocupación que se demanda: 1 punto por ano traballado tendo en consideración un máximo de 2 anos.
- Formación: Cursos en materia de Medio ambiente: 0,10 puntos por cada vinte horas lectivas cun máximo a obter neste apartado dun punto, sen que se teñan en consideración os cursos de duración inferior a 20 horas.

Entrevista: máximo dous puntos

POSTO DE ANIMADOR SOCIOCULTURAL

Funcións do posto: Planificación e promoción de actividades e presentación de proxectos en educación, ocio e tempo libre e turismo, encamiñados ao desenvolvemento social e cultural. Deseño de folletos turísticos e publicidade local, decoración de espazos públicos. **Grupo de cotización:** 7- auxiliar. **Xornada completa.**

MÉRITOS:

- Non ser perceptor de subsidios ou prestacións por desemprego: 0,50 puntos
- Tempo en desemprego: 0,02 puntos por mes ata un máximo de 0,50 puntos
- Experiencia como animador sociocultural, 1 punto por ano traballado, tendo en consideración un máximo de 2 anos.



Cod. Validación: 9FDN7KTSVTN3GL5YRXTZ5ZAKY | Corrección: <http://concellodequiroga.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma Aeslona eS-Publico | Páxina 6 a 6



CONCELLO DE QUIROGA (Lugo)

- Estar en posesión dunha titulación en Decoración ou en Deseño gráfico: 2 puntos.

Entrevista: máximo 2 puntos

POSTO DE EMPREGADO ADMINISTRATIVO

Funcións do posto: Desenvolver as funcións propias da ocupación no Departamento de Secretaría-Intervención do concello, en materia de contabilidade e expedientes en xeral propios do departamento. Categoría: Auxiliar. Grupo de cotización: 7. Xornada parcial.

MÉRITOS:

- Ser muller: 0,50 puntos
- Non ser perceptor de prestacións ou subsidios por desemprego: 0,50 puntos
- Tempo en desemprego: 0,02 por mes ata un máximo de 0,50 puntos.
- Cargas familiares: 0,15 puntos por persoa a cargo, ata un máximo de 0,50 puntos
- Experiencia na ocupación que se demanda: 1 punto por ano traballado tendo en consideración un máximo de dous anos.
- Estar en posesión da titulación de Técnico en Xestión Administrativa ou Técnico en Administración e Finanzas ou posuír ambas titulacións: 2 puntos

Entrevista: máximo dous puntos.

En caso de empate na fase de concurso e de acordo co art. 44.1 do Real Decreto 364/1995, resolverase o mesmo a favor do de maior experiencia no posto a desenvolver noutra Administración.

De conformidade co disposto no art. 61.5 da Lei 7/2007, de 12 de Abril, o Tribunal poderá optar por realizar a tódolos aspirantes unha entrevista persoal, co fin de asegurar a obxectividade e racionalidade no proceso selectivo, entrevista que versará sobre as actividades propias do cargo a desenvolver, a efectos de avaliar a madurez e os coñecementos do aspirante.

Forma de acreditar os méritos alegados:

Titulación académica e cursos de formación: Fotocopia do título oficial ou do diploma acreditativo.

Experiencia: Informe de vida laboral e contratos de traballo.

Tempo en desemprego: Tarxeta de demanda de emprego ou certificado da oficina de emprego.

Non ser perceptor de prestacións ou subsidios por desemprego: Certificado da oficina de emprego.

Cargas familiares: Fotocopia do libro de familia





CONCELLO DE QUIROGA (Lugo)

Oitava.- Relación de aprobados e formalización do contrato:

Unha vez terminada a cualificación dos aspirantes, os Tribunais farán pública a relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro de Edictos do Concello, precisándose que o número de aprobados non poderá rebasar o número de prazas vacantes convocadas. Dita relación elevarase ao Presidente da Corporación para que proceda á formalización do correspondente contrato.

Os aspirantes propostos aportarán ante a Administración, dentro do prazo de dez días naturais dende que se publican no taboleiro de edictos do Concello, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

Aqueles que dentro do prazo indicado, e salvo casos de forza maior, non presentasen a documentación ou da mesma se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, quedando anuladas tódalas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puideran incurrir por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Novena.- Impugnación:

As presentes bases e convocatoria poderán se impugnadas de conformidade co establecido na Lei 30/1992, de 26 de Novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Así mesmo, a Xurisdicción competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdicción Social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polos interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses.

Publíquese esta convocatoria de probas selectivas e as súas correspondentes bases no taboleiro de Edictos do Concello, e preséntese Oferta Xenérica ante Oficina de Emprego de Monforte de Lemos, de conformidade co art. 6 do Real Decreto 896/1991, de 7 de Xuño.

En Quiroga a 21 de setembro 2016
O ALCALDE, JULIO ÁLVAREZ NÚÑEZ

